

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE
CONCELLO O DÍA VINTE E NOVE DE MAIO DE DOUS MIL**

DEZASETE: - - - - -

=====

PRESIDENTE:

D. Gonzalo Gonzalo Pita

CONCELLEIROS/AS:

D^a Vanessa Rodríguez Búa
D. José Daniel Fernández Piñeiro
D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D. Maximino González Miniño
D^a M^a del Coral González-Haba Pérez
D. Roberto Carlos Agís Balboa
D. Telmo Martín González
D. Juan Antonio Deza Otero
D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Rafael Domínguez Piñeiro
D^a María Deza Martínez
D. Marcos Guisasola Padín
D^a Silvia Freire Fernández
D. Alfonso Rea Pérez

INTERVENTOR:

D. José - Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO:

D. Angel - Luis López Pita

=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e nove de maio de dous mil dezasete, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. GONZALO GONZALO PITA,** reuníronse os/as Sres/as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

ACTA ANTERIOR:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O DIA 27 DE MARZO DE 2017 : Polo Sr. **Presidente** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación á acta que se somete a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbase a referenciada acta por unanimidade.**-----

A) PARTE DISPOSITIVA:

2º) ACORDO DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DE D. GONZALO GONZALO PITA AO CARGO DE ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANXENXO : O Sr. **Secretario** deu lectura ao escrito do Sr. **Gonzalo Pita** que a continuación se transcribe literalmente:

“Coa finalidade de conseguir unha estabilidade no goberno municipal que vaia en beneficio dos intereses xerais de Sanxenxo é polo que se alcanzou un pacto co Partido Popular, en cuxo marco presento a miña **renuncia** como **alcalde-presidente do Concello de Sanxenxo**, que se fará efectiva co acordo de coñecemento do Pleno que se celebrará o día 29 de maio de 2017.

Así mesmo, quero deixar constancia do meu agradecemento ao persoal do concello, organismo autónomo e sociedades municipais pola profesionalidade coa que desempeñaron o seu traballo durante a miña etapa como alcalde

En Sanxenxo a 24 de maio de 2017

Asdo) Gonzalo Gonzalo Pita.”

O Sr. Alcalde deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“BOAS TARDES A TODOS; señores concelleiros de toda a corporación e veciños que quixéstedes hoxe vir ata aquí, sexa co propósito que sexa.

Hoxe renuncio a ser alcalde, pero que ninguén se equivoque, esta non e unha renuncia para dicir adiós, senón para dar a benvinda con máis forza si cabe a todos os veciños e veciñas de Sanxenxo que superon confiar, porque gracias a esa confianza vanse conseguir nestes dous últimos anos de lexislatura demandas históricas e proxectos importantes para todas e cada unha das parroquias que conforman este marabilloso concello. Proxectos e demandas que prometemos no noso programa e polo cal fomos votados.

Cando fai seis anos decidín involucrarme na vida política deste concello, foi porque creía e sigo crendo que a política hai que cambiala desde un mesmo, respectando ó máximo os principios e valores cos que fun educado; o valor do traballo, da solidariedade, o respecto, a responsabilidade, a honestidades e a humildade. Este conxunto de valores e principios debe levar, como a min sempre me levou, e os que me coñecen ben así o saben, á autofidelidade, que é a conducta correcta que segundo o meu parecer debo manter en todo momento, baseada no que quero e o que fago día a día, actuando con autenticidade en todas as actividades que desempeño e ser fiel conmigo mesmo como ser humano.

Esta forma de ser sempre foi a que me guiou para ser capaz de cumprir con maior eficacia as miñas obrigacións, en todos os aspectos da miña vida e tendo a conciencia sempre moi limpa, pero sobre todo sen traizoar as miñas propias crenzas e principios.

Pois ben, fai dous anos liderei un cuatripartito con moita ilusión, apostei pola confianza dos meus compañeiros cos que compartía a intención de xestionar e conseguir mellores cousas para os veciños de Sanxenxo. Esa confianza por min depositada foi devolta en pouco tempo en intencións irrespectuosas, irresponsables e finalmente desleais hacia min e hacia o compromiso que marcamos como persoas, non como partidos.

Ante esta situación, insostible para un concello como debe ser o de Sanxenxo, solo cabían dúas opcións: A primeira renderme e marcharme deixando de lado os proxectos que había prometido levar a cabo e a segunda seguir loitando e tentar buscar solucións para axudar a poder cumprir todas e cada unha das promesas que no seu día fixen aos veciños de Sanxenxo. Esta segunda pasaba por renunciar a alcaldía a fin de facer cumprir os citados proxectos xa públicos por todos. Así pois, actuei con autofidelidade, con responsabilidade, con valor e confianza e antepuxen o interese xeral a cambio dunha alcaldía que non ía a levar a nada máis que a un aumento de deslealdade e irresponsabilidade, por levar a Sanxenxo a un sitio que non se merece por quenes dicían que querían un cambio. Pero era un cambio que non miraba hacia os veciños.

Así pois, Tomei esta difícil e meditada decisión consciente de que a miña autofidelidade debe primar, convencido de que a futura estabilidade de goberno sexa co fin da consecución de proxectos para Sanxenxo, cousa que considero o mellor en neste momento para conxunto dos veciños.

Estes dous anos non foron en balde, fixemos cambios e xestións moi necesarias para Sanxenxo, pero é o momento de poñer en valor un concello como debe ser o de Sanxenxo; dinámico, responsable, con estabilidade e peso para levar a cabo proxectos e demandas que tantos anos levan reclamando os veciños. Non quero para Sanxenxo insultos e imposicións, obcecacións sen sentido e ideas sectarias.

Quero que se faga o colexio de Vilalonga, que a xuventude de Gondar teña un local digno, que Noalla realce o seu valor histórico e cultural co futuro museo no Pazo de Quintáns, que as infraestruturas desde a Lanzada ata Portonovo sexa unha realidade canto antes, así como tamén unha reordenación do porto de Portonovo, con parking e unha nova sede do club de piragüismo, quero que a única parroquia que non ten centro cultural o teña dunha vez, quero máis parking en Sanxenxo e quero a modernización da rúa Progreso, quero os nenos de Dorrón teñan o mesmo dereito de xogar o fútbol nun campo de herba sintética como así o teñen fai tempo o resto dos nenos do noso concello, que Bordons teña un campo de festas e que se dinamice cunha ruta de sendeirismo que una os muíños recién rehabilitados, quero que de unha vez por todas se deixa de pasar a pelota sobre a rexeneración da praia da Carabuxeira e quero unión para o polígono de Nantes para que se recepcione o antes posible

Con todo isto, quero darlle as grazas os que co seu traballo e colaboración fan posible o funcionamento do concello de Sanxenxo; funcionarios e empregados tanto do concello como dos Organismos de Terra de Sanxenxo, Nauta, Insula e Turismo de Sanxenxo, os que tiveron a honra de presidir durante estes case dous anos, e os que durante estes dous anos ninguén pode achacarme unha sola falta de respecto, descualificación ou menosprecio.

Sanxenxo somos todos. E eu son un veciño máis que teño a oportunidade pola vosa confianza de mellorar as vosas vidas. E eso foi o que sempre fixen e o que sigo facendo.
MOITAS GRACIAS A TODOS .”

O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, sinalou que o anterior interviniente, no seu escrito, falou de valores e autofidelidade, cando non foi líder e a maior deslealdade foi a súa, matizando que puido optar por ir para casa e non o fixo, pero é moi bonito representar ao concello e cobrar, engadindo que nestes dous últimos anos non se cambiou nada e que no escrito non se citaba nada da Avenida Rocafort e se da Carabuxeira, cando o único que fixo o actual Alcalde foi botar balóns fóra, concretamente en Costas. Finalmente aludiu a que este pacto viña de moi atrás, desexando sorte e que se faga o mellor para Sanxenxo.

A Sra. González-Haba Pérez, voceira do Grupo Municipal Mixto, manifestou que os tres concelleiros do SAL que apoian o pacto, quitáronse a máscara, compartindo o mesmo ADN que o PP, indicándolle ao actual Alcalde que non soubo liderar o cambio e, en vez de irse, entrégalle Sanxenxo ao PP, precisando que se sinte estafada, igual que moitos dos seus votantes, xa que mirou polos seus intereses, esnaquizando ao seu partido, ao tripartito e a esperanza de moitos veciños e veciñas de Sanxenxo.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, referiuse, en primeiro lugar, a que quedou mais xente fóra que dentro, xa que se encargaron de que non puidesen entrar. A continuación dixo que o escrito lido polo **Sr. Gonzalo Pita** produciulle bochorno, sendo unha demostración dun quero e non podo e aludindo a que foi un alcalde viaxeiro, que non conseguía nada do que pedía. O interveniente lembrou que pretendía que fose o seu asesor, quedándolle moi grande o posto, polo que volve onde debía estar, á sombra de Telmo, posto que non soubo exercer a función de alcalde, sen capacidade de negociar e agora opta por unha vida mais cómoda, finalizando a súa intervención para dicir que o actual alcalde deixou a imaxe deste concello polo chan, xa que nunca se viu unha automoción de censura como esta.

O **Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, dixo que o escoitado aos anteriores intervenientes era unha demostración de que lles importaban mais os partidos políticos que os veciños e sinalou que tan lexítimo era o pacto do ano 2015 como este, estando o PP perfectamente lexitimado para gobernar Sanxenxo, ao ser o gañador das eleccións con oito concelleiros, o dobre que o seguinte e co 41% dos votos, parecéndolle que o **Sr. Otero Domínguez** estaba por encima do ben e do mal, cando todos saben que foi o culpable da ruptura do pacto do goberno anterior, considerando unha deslealdade o seu apoio ao BNG en contra do goberno, xa que ningún partido esta por encima de Sanxenxo, engadindo que os veciños poñerán a cada un no seu sitio e que o paso dado polo actual alcalde é un acto de valentía política, pedindo a colaboración de todos e dando unha mensaxe de tranquilidade aos veciños.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, ante o feito de que non se lle da a palabra, preguntou se cambiou o voceiro de seu grupo político municipal, contestando o **Sr. Alcalde** que a inquirinte xa non era a voceira do **Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, porque tres membros do citado Grupo Político presentaron un escrito no concello, nomeando novos voceiros. A **Sra. Rodríguez Búa** proseguiu a súa intervención para dicir que a falta de notificación do cambio de voceiro demostra as novas maneiras de actuar, engadindo que persoalmente se involucrou porque pensaba que había que facer as cousas doutra forma e así, no SAL, as decisións tiñan que tomarse entre todos, non como fixeron os outros concelleiros deste partido político.

O **Sr. Alcalde** precisou que contaba con todas as opinións, pero as decisións as teñen que tomar os que están no concello todos os días e tres concelleiros do grupo municipal están convencidos de que o futuro pasa por este cambio, tendo a conciencia limpa. Respecto do manifestado polo **Sr. Otero Domínguez**, dixo que el non lle insinuou nada e que, xa facía dous meses, empezou a tirar pola súa banda, con opinión propia e non como parte do goberno, tal e como dixo nunha reunión en Nauta, comezando unha deslealdade que continuou no último asunto coa Deputación. Finalmente o interveniente pediu respecto para a súa decisión, destacando que non descualificou a ninguén.

A **Sra. González-Haba Pérez** pediulle ao **Sr. Alcalde** que se abran as portas para que os veciños que están fóra, poidan acceder a sesión, contestando o interpelado en sentido negativo por razóns de seguridade.

O **Sr. Otero Domínguez** preguntou sobre os termos exactos do acordo para adoptar e o **Sr. Secretario** indicou que tomar coñecemento da renuncia do **Sr. Gonzalo Pita** ao cargo de Alcalde deste concello.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu o coñecemento da súa renuncia ao cargo de Alcalde a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobado, adoptándose o seguinte acordo:**

“Acordar o coñecemento da renuncia de **D. Gonzalo Gonzalo Pita á Alcaldía-Presidencia do Concello de Sanxenxo.**”-----

Sendo as vinte e unha horas e cinco minutos pasa a ocupar a Presidencia o 1º Tenente de Alcalde, Sr. Fernández Piñeiro.

O **Sr. Gonzalo Pita** manifestou que se pretendía que a sesión para a elección do Alcalde fose o vindeiro mércores.

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

3º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO DECRETO DA ALCALDÍA DO 19 DE MAIO DE 2017 MEDIANTE O QUE SE DEIXAN SEN EFECTO O NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E AS DELEGACIÓNS CONFERIDAS EN CONCELEIROS/AS ASÍ COMO O NOMEAMENTO DE D. JOSE DANIEL FERNÁNDEZ PIÑEIRO COMO 1º TTE DE ALCALDE : Polo **Sr. Secretario** dáse conta do decreto da alcaldía do **19 de maio de 2017** que a continuación se transcribe literalmente:

“De conformidade co disposto nos artigos 20.1b), 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, nos artigos 61 e 65.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos art. 43 a 45, 46.1, 52, 53, 114 ao 118 e 112.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais **RESOLVO:**

PRIMEIRO: deixar sen efecto o nomeamento como membros da **Xunta de Goberno Local** dos seguintes concelleiros/as:

- David Otero Domínguez.
- Sandra Fernández Agraso.
- M^{ra} del Coral González-Haba Pérez.

SEGUNDO: nomear a **José Daniel Fernández Piñeiro, 1º Tte. de alcalde**, quedando sen efecto os restantes nomeamentos realizados por esta alcaldía en anteriores resolucións para designar tenentes de alcalde.

TERCEIRO: deixar sen efecto as **delegacións** conferidas por esta alcaldía os seguintes concelleiros/as:

- David Otero Domínguez.
- Sandra Fernández Agraso.
- Maximino González Miniño.
- M^{ra} del Coral González-Haba Pérez.

Quedando as competencias retiradas por esta resolución residenciadas no propio alcalde-presidente.

CUARTO: da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que realice, notificándose ademais, persoalmente os interesados, e se publicará no “Boletín Oficial da Provincia”, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da súa sinatura.”

A Corporación deuse por enterada.-----

4º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 11/04/2017 (R. DE ENTRADA NÚM. 3.702) MEDIANTE O QUE SE ACHEGA COPIA DO XUSTIFICANTE DO ENVÍO TELEMÁTICO CORRESPONDENTE Á LIQUIDACIÓN DE 2016 : O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de data 11 de abril de 2017, rexistrado de entrada co número 3.702, que a continuación se transcribe literalmente:

“De acordo co disposto na orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, sobre a obriga de subministro de información, en desenvolvemento da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, remítolle copia do xustificante do envío telemático correspondente á liquidación do ano 2016, con todos os documentos anexos, para a súa elevación perante o Pleno da Corporación.

I. Dedúcese cumprimento das medidas de consolidación fiscal seguintes:

Estabilidade orzamentaria

Regra do gasto

Nivel de débeda (todos os entes separadas e en consolidación).

Corto prazo: 0,00 euros

Entidades crédito: 6.159.784,67 euros

F.F.P.P.: 1.686.981,48 euros

Total: 7.846.766,15 euros.

II. Resultado orzamentario: é positivo na entidade local e en Terra de Sanxenxo e positivo en consolidación.

III. Remanente de tesourería para gastos xerais: é positivo en todos os entes e positivo en consolidación. Sanxenxo, 11 de abril de 2017.”

Adxunto a este escrito figuran 95 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 95, tendo os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 32, 33, 35, 37, 38, 40, 42, 47, 54, 59, 60, 61, 65, 66, 68, 69, 71, 73, 74, 76, 78, 83, 88, e 91 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

5º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 27/04/2017 (R. DE ENTRADA NÚM. 4.310) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA QUE CON ESA DATA SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS O INFORME CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2017 DE SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE : O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de data 27 de abril de 2017, rexistrado de entrada co número 4.310, que a continuación se transcribe literalmente:

“Téndose emitido informe previo, preceptivo e de obriga legal por esta intervención sobre seguimento do plan de axuste efectuado por este Concello, para acollerse ao mecanismo de pago a provedores por importe de 5.059.306,98 euros, e tendo en conta o disposto no artigo 10 do R.D.L. 7/2012 de 9 de marzo, resulta que:

1.A orden HAP/2105/2010 de 2 de outubro, no seu artigo 2, outorga ao órgano interventor a facultade exclusiva de emitir informes e remitilos aos organismos correspondentes do Estado, dos referidos na normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2.Esta mesma orde, no seu artigo 10, establece a obrigar de remitir, antes do día 15 de cada trimestre, información sobre o seguimento e nivel de cumprimento do plan de axuste

3.O xa mencionado artigo 10 do R.D.L. 7/2012 establece que, dos informes do interventor, darase conta ao Pleno da Corporación.

En consecuencia:

Téndose efectuado a obriga mencionada e tendo sido remitido o informe correspondente ao primeiro trimestre de 2017, polo sistema informático ou telemático establecido no Ministerio o día 27.04.17, elévese o mesmo ao Pleno da Corporación aos efectos legais previstos na normativa anteriormente citada. Sanxenxo, 27 de abril de 2017”.

Adxunto a este escrito figuran 97 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 97, tendo os números 1, 2, 3, 6, 7, 8, 9, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 60, 61, 62, 63, 64, 65, 66, 67, 68, 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75, 76, 77, 78, 79, 80, 81, 82, 83, 84, 85, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 92, 93, 94, 95, e 96 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

6º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 27/04/2017 (R. DE ENTRADA NÚM. 4.311) ACHEGANDO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2017 : O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de data 27 de abril de 2017, rexistro de entrada co número 4.311, que a continuación se transcribe literalmente:

“De acordo ao disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, publicada no B.O.E. o día 6 de xullo, achégolle a V.I. informe sobre o cumprimento dos prazos de pagamento, correspondente ao 1º trimestre de 2017, previstos nesta Lei, coa finalidade de que, por mandato legal e de acordo ao disposto no parágrafo 4, se o estima conveniente e no mesmo xeito que os efectuados nos períodos de dación anteriores, se remita ao Pleno da Corporación.

Os informes que se achegan son os relativos a cada un dos entes separados que integran o Concello de Sanxenxo. En especial remítome ao resumo dos períodos medios de pago e, en definitiva, aos pagos realizados no trimestre que constan no expediente.

Lémbrese a obriga de avanzar cara o cumprimento dos termos legais do novo marco normativo contido no artigo 216 do R.D. legislativo 3/2011 de 14 de novembro sobre prazo de pago (30 días) e devengo de xuros de demora.

A comparativa dos períodos medios de pagos (PMP) e dos períodos medios de pendente de pago (PMPP) entre o 4º trimestre de 2016 e o 1º trimestre de 2017 é a seguinte

4º trim 16	Concello	Terra	Nauta	Ínsula	Turismo
PMP	20,06	30,37	16,11	3,11	0,45
PMPP	8,04	36,77	3,87	0,00	122,00

1º trim 17	Concello	Terra	Nauta	Ínsula	Turismo
PMP	24,33	25,75	13,26	5,20	0,00
PMPP	11,60	78,02	3,41	0,00	172,00

Asemade débese de dar cumprimento ao disposto na Lei 3/2004, modificada polo Real decreto lei 3/2013, en relación ao disposto no artigo 216 do R.D.L. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, normas que, literalmente, din:

“La Ley 3/2004, de 29 de diciembre, fue a su vez modificada por el artículo 33.4 del Real Decreto Ley nº 4/2013, de 22 de febrero, de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo; que literalmente establece:

Artículo 8. Indemnización por costes de cobro: “1. Cuando el deudor incurra en mora, el acreedor tendrá derecho a cobrar del deudor una cantidad fija de 40 euros, que se añadirá en todo caso y sin necesidad de petición expresa a la deuda principal.

Además, el acreedor tendrá derecho a reclamar al deudor una indemnización por todos los costes de cobro debidamente acreditados que haya sufrido a causa de la mora de éste y que superen la cantidad indicada en el párrafo anterior.

2.El deudor no estará obligado a pagar la indemnización establecida en el apartado anterior cuando no sea responsable del retraso en el pago”.

“Artículo 216. Pago del precio: “1. El contratista tendrá derecho al abono de la prestación realizada en los términos establecidos en esta Ley y en el contrato, con arreglo al precio convenido.

2. El pago del precio podrá hacerse de manera total o parcial, mediante abonos a cuenta o, en el caso de contratos de tracto sucesivo, mediante pago en cada uno de los vencimientos que se hubiesen estipulado.

3. El contratista tendrá también derecho a percibir abonos a cuenta por el importe de las operaciones preparatorias de la ejecución del contrato y que estén comprendidas en el objeto del mismo, en las condiciones señaladas en los respectivos pliegos, debiéndose asegurar los referidos pagos mediante la prestación de garantía.

4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los [artículos 222.4 y 235.1](#), la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.

5. Si la demora en el pago fuese superior a cuatro meses, el contratista podrá proceder, en su caso, a la suspensión del cumplimiento del contrato, debiendo comunicar a la Administración, con un mes de antelación, tal circunstancia, a efectos del reconocimiento de los derechos que puedan derivarse de dicha suspensión, en los términos establecidos en esta Ley.

6. Si la demora de la Administración fuese superior a ocho meses, el contratista tendrá derecho, asimismo, a resolver el contrato y al resarcimiento de los perjuicios que como consecuencia de ello se le originen.

7. Sin perjuicio de lo establecido en las normas tributarias y de la Seguridad Social, los abonos a cuenta que procedan por la ejecución del contrato, solo podrán ser embargados en los siguientes supuestos:

a) Para el pago de los salarios devengados por el personal del contratista en la ejecución del contrato y de las cuotas sociales derivadas de los mismos.

b) Para el pago de las obligaciones contraídas por el contratista con los subcontratistas y suministradores referido a la ejecución del contrato.

8. Las Comunidades Autónomas podrán reducir los plazos de treinta días, cuatro meses y ocho meses establecidos en los apartados 4, 5 y 6 de este artículo”.

Tense comprobado que se ten instaurado o cumprimento efectivo destes preceptos, o que foi sinalado e advertido por esta Intervención dende a entrada en vigor das normas xurídicas de referencia. Sanxenxo, 27 de abril de 2017.”

Adxunto a este escrito figuran 15 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 15, transcribíndose a continuación os correspondentes aos folios do 11 ao 15, ambos incluídos e que conteñen o INFORME TRIMESTRAL da Lei 15/2010, do Concello de Sanxenxo, O.A.Terra de Sanxenxo, Nauta Sanxenxo S.L., Insula Sanxenxo S.L. e Turismo de Sanxenxo S.L. :

“CONCELLO DE SANXENXO”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	1	AÑO	2017
CONCELLO			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	32,33		20,00	5.808,11	10,00	2.904,03
Art. 21	20,69		59,00	29.521,84	2,00	19.181,73
Art. 22	21,61		367,00	609.539,93	146,00	135.456,67
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	31,45		23,00	164.836,75	7,00	135.506,01
				809.706,63		293.048,44
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
CONCELLO			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20						
Art. 21	13,49		7,00	4.428,74		
Art. 22	11,53		191,00	112.452,48	3,00	2.933,00
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						

2 sin desagregar						
Cap. 6						
					116.881,22	2.933,00
CONCELLO			Pendiente de reconocimiento			
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2						
Cap. 6						
					0,00	

“OA TERRA DE SANXENXO”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	1	AÑO	2017
TERRA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	20,72		12,00	93.078,24	2,00	14.418,28
Art. 21	22,52		23,00	21.872,11	3,00	915,97
Art. 22	28,52		48,00	227.224,86	102,00	98.317,07
Art. 23	14,00		1,00	468,00		
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	14,96		8,00	25.141,95	2,00	1.094,96
				367.785,16		114.746,28
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
TERRA			Pendiente de pago			

			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20						
Art. 21						
Art. 22	59,52		7,00	539,68	12,00	10.439,56
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	92,00				1,00	14.520,00
				539,68		24.959,56
TERRA			Pendiente de reconocimiento			
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2						
Cap. 6						
				0,00		

“NAUTA SANXENXO, S.L.”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010		TRIMESTRE	1	AÑO	2017
NAUTA		Pagos realizados en el trimestre			
		Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Importe total
Aprovisionamientos (6)	12,71		80,00	105.315,09	
Inmovilizado (2)	22,59		2,00	6.171,30	
Sin desagregar					
Total				111.486,39	0,00
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período		

Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
			0,00			0,00
NAUTA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	3,41		36,00	66.976,68		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				66.976,68		0,00

“INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	1	AÑO	2017
INSULA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	5,20		5,00	406,53		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				406,53		0,00
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
INSULA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	

	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)						
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				0,00		0,00

“TURISMO DE SANXENXO, S.L.”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010	TRIMESTRE	1	AÑO	2017		
TURISMO	Pagos realizados en el trimestre					
	Dentro período legal pago		Fuera período legal pago			
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	0,00		3,00	500,94		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				500,94		0,00
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes	0	0,00				
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
TURISMO	Pendiente de pago					
	Dentro período legal pago		Fuera período legal pago			
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	172,00		1,00	424,46		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				424,46		0,00

A Corporación deuse por enterada.-----

7º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 27/04/2017 (R. DE ENTRADA NÚM. 4.312) POLO QUE SE INDICA QUE CON ESA DATA PROCEDEUSE A COMUNICAR AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS O CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES : O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor** de 27 de abril de 2017, rexistrado de entrada co número 4.312, que a continuación se transcribe literalmente:

“De conformidade co artigo 4.1.b) da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información, previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e de conformidade co establecido na disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas, con data 27.04.17, procedeuse a comunicar ao Ministerio de facenda e administracións públicas dito cálculo, cuxo xustificante se achega.

Lémbrese a obriga de publicar na páxina web do Concello o período medio de pago a provedores, segundo o artigo 6 do Real decreto 635/2014 (como mínimo trimestralmente).

Recórdase que no caso de incumprimento no sucesivo do período medio de pago iniciarase o procedemento establecido en dita norma xurídica, para que sexa o Estado quen asuma as funcións da tesourería local, procedendo á retención na participación de tributos do Estado.

O incumprimento das obrigas referidas no Real decreto 635/2014 (cálculo, subministro de información ao ministerio e publicación) poderá implicar unha infracción moi grave en materia económico-financieira, regulamentada no artigo 28 da Lei 19/2013 de Bo goberno e transparencia, lembrando que a imposición da sanción, segundo o disposto no artigo 30 da mesma lei, poderá implicar, no seu caso, a inhabilitación para o exercicio de cargos ou funcións públicas, sen prexuízo das responsabilidades penais eventuais. Sanxenxo, 27 de abril de 2017.”

Adxunto a este escrito figuran 3 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 3, tendo o número 1 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

8º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 27/04/2017 (R. DE ENTRADA NÚM. 4.313) ACHEGANDO INFORME SOBRE A EXECUCIÓN TRIMESTRAL DOS ORZAMENTOS SEPARADOS RELATIVOS AO 1º TRIMESTRE DE 2017 : O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor**, de 27 de abril de 2017, rexistrado de entrada co número 4.313, que a continuación se transcribe literalmente:

“Achégase informe sobre execución trimestral dos orzamentos separados relativos ao primeiro trimestre de 2017, coa finalidade de cumprimentar o dereito e deber de subministro de información ao que se refire a Orde ministerial HAP/2105/2012 de 1 de outubro e a Orde ministerial EHA/4041/2004 de 23 de novembro. Sanxenxo, 27 de abril de 2017.”

Adxunto a este escrito figuran 62 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 62, tendo os números 2, 3, 5,7, 8, 10, 13,21, 22, 23, 28, 29, 31, 33, 34, 36, 39, 44, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59, 60, 61 e 62 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

9º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 01 DE MARZO AO 02 DE MAIO DE 2017 (DE RES. Nº 375/17 A RES Nº 734/17).) : O Sr. **Presidente Accidental** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as **Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 01 de marzo ao 02 de maio de 2017**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

MOCIÓNS:

Non se formulou ningunha.

ROGOS:

O Sr. **Otero Domínguez**, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dirixíndose á Sra. **Deza Martínez**, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, aludiu a uns comentarios realizados desde ese grupo á persoa do anterior alcalde e preguntou se eran conscientes das descualificacións feitas ao Sr. **Gonzalo Pita** e se se responsabilizaban das mesmas.

O Sr. **Martín González**, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, díxolle ao voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, que ía dispoñer de moito tempo para divertirse facendo oposición e que agora o importante eran os cidadáns de Sanxenxo.

A Sra. **Rodríguez Búa**, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal preguntoulle ao voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, se tiña interese en respectar a legalidade, porque se fose así, ten que saber que os estatutos de SAL, obrigan á ratificación dos pactos con outros partidos, o que non se fixo no último acordo co PP.

O Sr. **Martín González**, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, respecto das alusións a súa persoa na intervención anterior, lembrou que neste pleno era un concelleiro mais e que descoñecía que ía facer ante a nova situación a Sra. **Rodríguez Búa**, para rematar dicindo que non ía realizar nada ilegal e que estaba aberto ao diálogo.-----

PREGUNTAS:

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, despois de manifestar que xa no seu momento, algúns dixeron que PP e SAL, ían gobernar dous anos cada un, que este era un caso inédito que ía pasar a historia e engadir que o anterior alcalde non ía pintar nada, tan só aproveitar que co PP nos distintos gobernos, probablemente desbloquearíanse algunhas cousas, preguntou ao **Sr. Martín González** se ía poñer de volta a imaxe de Sanxenxo polo desarrollismo urbanístico, respondendo o interpelado que non sabía o que se comentará, pero se estaba claro o que se comentaba do inquirinte.-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o **Sr. Presidente Accidental** dá por finalizada a sesión, sendo as vinte e unha horas e vinte minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE** :